



A Xunta de Voceiros do Concello de Bueu, reunida o 22.11.2019, acorda levar ao pleno unha moción conxunta dos grupos de BNG, PP, ACB e PSOE, de apoio á Declaración de Emerxencia Climática, tendo en conta os escritos presentados polo Movemento Galego polo Clima de data 27.09.2019, e da Asociación Amigos da Terra, de data 20.06.2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES) fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Estamos diante dunha crise climática que é consecuencia directa do modelo de produción e consumo impulsado por determinadas prácticas do sistema capitalista actual. Estas prácticas depredadoras dos recursos, os territorios, os ecosistemas e mesmo as persoas, afectan de xeito máis negativo ás poboacións máis pobres e vulnerables por todo o planeta, así como ás culturas que as sustentan; todo iso co obxectivo de manter a acumulación de riqueza e o modelo produtivo baseado no crecemento continuo. Estes comportamentos, lonxe de resolver problemas, teñen provocado o inicio da sexta extinción masiva de especies, contaminado de plásticos, desecado lagos, exterminado a biodiversidade e implantado monocultivos, entre outros efectos negativos. Mais as prácticas insostíbeis de crecemento continuo teñen, sobre todo, emitido millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera até provocar o incremento de temperatura global, ao mesmo tempo que se gastaron de xeito absurdo a maioría dos recursos enerxéticos fósiles.

As inxentes emisións que se teñen feito desde o inicio da revolución industrial provocaron que o equilibrio climático e natural do noso planeta se rompese. Así é, que hoxe temos que falar máis de emerxencia climática que de cambio climático. O incremento do nivel do mar non é un prognóstico catastrófico para o futuro, é xa unha realidade que ten provocado a desaparición de 5 illas no arquipélago de Salomón no Océano Pacífico. En Galiza, o incremento da temperatura global está a provocar a desaparición de especies animais e de plantas autóctonas, así como a invasión e proliferación doutras que antes non existían nos nosos ecosistemas; como so o caso da avespa velutina ou o xurelo canario.



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Nas nosas rías hai actualmente milleiras de toneladas de auga máis. Isto provoca maior incidencia dos fenómenos negativos asociados ao efecto das mareas e das tormentas. Ademais de non ficar o incremento da temperatura global por baixo dos 1,5 °C o crecemento do nivel do mar asociado a este fenómeno fará que parte das cidades de A Coruña, Vigo, Ferrol e Pontevedra fiquen inundadas de xeito permanente pola auga do mar. Outro tanto vai suceder coa maioría das vilas do litoral como é a nosa.

A humanidade consome cada vez máis cedo os recursos que o planeta é capaz de producir ano a ano. O pasado 29 de xullo a humanidade consumiu todos os recursos que o planeta é capaz de producir en todo o ano 2019. esta 29 de xullo é a data máis temperá, desde que se veñen realizando estudos da pegada ecolóxica. Este dato indica que a humanidade precisaría de 1,75 planetas para poder manter o consumo actual en equilibrio co propio planeta. A actitude depredadora dos recursos está moi asociada ao actual concepto de progreso e modernidade instalado como atrasado ou radical ás posturas ecoloxistas e de defensa do territorio. Cómpre tamén sinalar que a nosa sociedade occidental pertence ao 20 % da humanidade que consume o 80 % dos recursos do planeta. Este consumo desmedido provoca as consecuencias derivadas do cambio climático e as prácticas insostibles de esquilma global dos recursos. A situación de emerxencia na que estamos instaladas non é un produto dos últimos meses, nin sequera dos últimos anos, senón que é de décadas. Décadas nas que se ignoraron informes e advertencias de incontables estudos elaborados polo mundo científico e nos que se alertaba sobre as consecuencias irreversibles do cambio climático e o colapso ecolóxico. Hoxe, enfrontámonos a unha emerxencia sen antecedentes na historia da humanidade, está ameazada a continuidade da propia civilización. Cómpre lembrar que no ano 1972 se publicou o estudo “Os límites do crecemento do Club de Roma”.

Desde o Movemento Galego polo Clima entenden que é hora de sumarse de xeito inmediato a un cambio global de modelo e de paradigma; asumido que non é posible o crecemento continuo nun planeta de recursos limitados como non o é permanecer impasibles diante da emerxencia climática e ecolóxica na que se atopa sumido o noso planeta. Enténdese que os tempos das ambigüidades e das palabras faltas de contido foron superados polas consecuencias e os datos incuestionables que xa todos e todas percibimos no noso día a día. Esixen medidas concretas para alcanzar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro antes de que se dea unha situación irreversible. Evitar que a temperatura global se eleve por enriba dos 1,5 °C debe ser unha prioridade para a humanidade na que nós, como galegos e galegas, temos que participar, facendo os cambios precisos no noso xeito de vivir e pondo fin ás actividades que contribúen de xeito máis evidente a manter esta situación que pon en perigo a mesma supervivencia da humanidade.



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Desde o Movemento Galego polo Clima demandan aos gobernos e medios de comunicación que se diga a verdade sobre a situación actual, que se admita a diagnose, indicacións e sendas de redución reflectidas no último trimestre sobre os 1,5 °C avalado pola comunidade científica. Faise preciso recoñecer a fenda existente entre os compromisos do estado español e as indicacións científicas.

Desde o Movemento Galego polo Clima esixen que se declare a emerxencia climática e xunto coa mesma se asuman compromisos reais e vinculantes que permitan a redución a cero neto da emisión de gases de efecto invernadoiro para non superar os 1,5 °C.

Desde o Movemento Galego polo Clima defenden a necesidade de abandonar os combustibles fósiles camiñando cara a unha redución do consumo da enerxía e pasando a usar fontes renovables de produción da mesma, sen que isto signifique a destrución do territorio mediante a implantación de monocultivos ou outras prácticas lesivas co entorno natural.

Desde o Movemento Galego polo Clima esixen aos gobernos as medidas políticas e económicas necesarias para o mantemento dos postos de traballo das empresas que de xeito directo ou indirecto son as principais causantes das emisións de gases de efecto invernadoiro por ser consumidoras masivas de enerxía ou por usar nos seus procesos produtivos recursos fósiles. Para alcanzar os obxectivos perseguidos en Galiza faise urxente o peche da térmica de As Pontes que produce o 25 % das emisións totais galegas. O peche non pode supoñer, unha vez máis, que sexa a clase traballadora a que pague as consecuencias, e polo tanto, reclamamos aos gobernos a creación de planos sociais para facer a necesaria transición enerxética de xeito xusto.

Desde o Movemento Galego polo Clima son conscientes que as consecuencias da mudanza climática tamén teñen un sesgo de xénero. Son as mulleres as que máis pagan as súas consecuencias negativas, como o é a violencia asociada a situacións extremas ou que até o 80 % das persoas desprazadas por causas climáticas sexan mulleres. As consecuencias derivadas do cambio climático tamén incrementan as desigualdades por razón de xénero. Desde o Movemento Galego polo Clima entenden que se fai imprescindible que na pilotaxe para o cambio de sistema e de paradigma para frear a mudanza climática estean presentes mulleres e se tomen medidas con perspectiva de xénero.

Desde o Movemento Galego polo Clima entenden que proxectos como Mina de Touro e de Frades- Mesia, parques eólicos en zonas protexidas como o de Iribio, o monocultivo do eucalipto e a permanencia de ENCE na Ría de Pontevedra, as políticas agrarias que abocan as persoas labregas gandeiras a modelos industriais de produción e polo tanto á correspondente contaminación por exceso de concentración e explotación, a sobre-



explotación das nosas rías e mar e a súa contaminación por todo tipo de elementos nocivos para a vida, os macrovertedoiros semiilegais da Xunta, a contaminación por lindano, a contaminación por plásticos dos nosos territorios e mesmo dos nosos alimentos, os incendios forestais, a especulación urbanística etc. Son, sen dúbida, exemplos de despropósitos ambientais a que nos abocan as prácticas insostibles que provocaron a actual emerxencia e que, ademais, contribúen a esta.

Tendo en conta as cuestións formuladas desde o Movemento Galego Polo Clima e a Asociación Amigos da Terra, e que a cidadanía reclama aos gobernos local, galego e español que actúen, xorde a necesidade de aplicar políticas desde os niveis máis globais ata os máis locais, polo que desde o pleno da Corporación de Bueu entendemos que se deben promulgar os seguintes

ACORDOS:

1. Que todos os organismos comecen a dicir a verdade e que asuman a emerxencia climática como un grave problema para o conxunto da sociedade, da biodiversidade e o mantemento da vida, e non como un novo nicho de oportunidades económico – empresariais.
2. Se declare a emerxencia climática e se elabore a correspondente lei coa participación activa de ONGs e sociedade civil.
3. A nivel local débense seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:
 - Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento da nosa vila.
 - Elaboración e posta en funcionamento -tendo como principal referencia PMUS que se vai elaborar- dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bicicleta) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.
 - Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amábeis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.
 - Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

envases e embalaxes, incluíndo todas estas cuestións na reformulación do servizo de recollida do lixo comarcal que se leva a cabo desde a Mancomunidade.

- Implantación de sistemas de xestión do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.
- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.